

Celga



4

PROBA B (ORAL)



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Data: 25 de maio de 2008
Modelo: C4O/2008/A

Proba B

A continuación, vai escoitar dúas veces unha reportaxe sobre deporte e competitividade. Tome as notas que precise.

1) Exposición e preguntas sobre o audio.

a) Faga un breve resumo do contido da reportaxe, tendo en conta os seguintes puntos:

- Que factores fan do fútbol un deporte que atrae as masas?
- Cales son os deportes que supera o fútbol en predictibilidade?
- A que se vincula a competitividade do éxito do fútbol?

2) Temas e preguntas de interacción.

Realice unha exposición (de 3-4 minutos) acerca da seguinte afirmación:

OPCIÓN A

“Ninguén pode ter unha vida completa se non practica algún deporte, sexa cal sexa”.

- Cal é o seu deporte preferido, para velo ou para practicalo? Por que? Pensa que a información da reportaxe ten que ver co seu gusto?
- Cal lle recomendaría a un neno ou a unha nena? Por que?
- Pensa que o deporte, aínda que non se practique, pode resultar interesante como xeito de contacto social, tema de conversación etc.?
- Que deporte(s) practica ou xa practicou? Por que? Que cousas fan que sexa interesante?

OPCIÓN B

“A estas alturas, o fútbol pódese clasificar como calquera cousa, menos un deporte”.

- Cre que o fútbol ten un papel máis importante na sociedade actual ca os outros deportes? Por que?
- Segundo o que di a reportaxe, o fútbol ten razóns para “engancharnos”. Pensa que os clubs e os medios de comunicación abusan do interese que esperta este deporte?
- Teoricamente, o deporte é bo para case todo o mundo e para todas as idades. Non cre que a competitividade excesiva desanima a moitos posibles deportistas?
- Cre que é realmente verdadeiro o dito popular “o importante é participar”?

OPCIÓN C

“Entre todos os deportes, o fútbol é o que máis se destaca porque recibe máis incentivos e investimentos en todos os sentidos”.

- Non cre que todos os deportes deberían ser tratados da mesma maneira?
- Que opina de que o fútbol sexa case o único deporte do que se fala nos medios de comunicación?
- Pensa que a competitividade entre equipos de cidades ou países diferentes é unha cousa sa e divertida ou que é un pouco excesiva? Por que?
- Cre que pasa o mesmo con outros deportes? Pode dar algún exemplo?

OPCIÓN D

“O resultado dunha competición deportiva é sempre unha sorpresa: depende máis da sorte que da competencia dos equipos”.

- Pensa que, igual que no deporte, as sorpresas que nos dá a vida son as que a fan máis interesantes?
- Cal foi a sorpresa máis grande da súa vida? Cambiou o seu xeito de ver as cousas? Como foi?

OPCIÓN E

“É moi importante que a ciencia siga investigando as relacións entre os deportes e o seu acollemento na sociedade”.

- Pensa que está ben que se gasten os cartos para investigacións nestas cousas? Por que?
- En caso contrario, que outras cousas pensa que se deberían estudar?
- En caso de estar de acordo, que outros temas coma esta lle gustaría que se estudasen?
- Cre que hai temas que deberían ter máis prioridade nos estudos científicos? Cales, por exemplo?